

## **Criterios de cualificación de 2º de bacharelato. Tecnoloxía Industrial II**

Para cada avaliación terase en conta os exames realizados que contabilizarán nun 80% sempre que ningún teña unha nota inferior ó 4, neste caso terá un exáme para recuperar esa nota. Os informes de proxectos contabilizarán o 20% restante da nota sempre que nesta avaliación se fixera algunha actividade deste tipo.

A nota final será a media das tres avaliacións, sempre que en ningunha delas teña menos dun 4 e a evolución ao longo do curso sexa positiva.

Aqueles alumnos que non acaden a nota media de 5 terán un exame final para recuperar cada bloque de contidos que teñan suspenso. Para aprobar o exame de recuperación deberán ter unha nota media de 5 sempre que en ningún bloque, da proba final, teña unha nota inferior a 4.

Na valoración dos exercicios terase en conta os seguintes aspectos:

- A. A correcta identificación dos fenómenos implicados no problema en cuestión.
- B. O procedemento seguido para a obtención do resultado.
- C. Exposición clara e ordenada acompañada dos diagramas ou esquemas necesarios para rematar o exercicio, así como a correcta redacción e ortografía.
- D. A correcta expresión das magnitudes coas unidades correspondentes.
- E. As cuestións deben estar ben razonadas para que a súa valoración sexa positiva.

Penalizarán:

- F. Os erros numéricos e operacionais, especialmente aqueles que conduzcan a resultados non realistas.
- G. A resolución non razoada dun exercicio ou cuestión.
- H. O desorden nas respostas.